

Asistentes:

DIRECTOR: Euloxio Santos Leites
XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.
SECRETARIA: Mercedes Couto García.
PROFESORADO:
Lago Dacosta, Antonio
Ces García, Santiago
García Giménez, Margarita
Montserrat Paz Núñez
Fernández Cortés, M^a Carmen
Seara Escudero, Santos
PAS:
PAIS/NAIS:
Costas Pérez, Ana
ALUMNOS/AS:
Bautista Alonso, Marta
Goldenberg Mazino,
Benjamín

ACTA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 25/04/2017

En Vigo, sendo as 19:30 horas do día 25 de abril de 2017, reúnense na aula C5 os/as compoñentes do Consello Escolar do IES Politécnico de Vigo, coa asistencia que na marxe se indica para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.
2. Actualización da composición do Consello Escolar por xubilación.
3. Aprobación, se proceder, da modificación das NOF no referido ás folgas de alumnado.
4. Aprobación, se proceder, da proposta de actividades para o 3º trimestre.
5. Información de resultados da 2ª avaliación
6. Outras informacións.
7. Rogos e preguntas.

No 1º punto da orde do día, a Secretaría Mercedes Couto dá lectura a acta do Consello Escolar do día 24 de Xaneiro de 2017, aprobándose por unanimidade.

No 2º punto da orde do día, o Director dá conta da xubilación da representante dos profesores Dolores López Meléndez, pasando a substituíla a primeira suplente da lista das últimas eleccións ao consello escolar, que é a profesora M^a Carmen Fernández Cortés.

No 3º punto da orde do día, o Director explica a necesidade de modificar as NOF no apartado referido ó exercicio da folga por parte do alumnado, xa que de acordo co artigo 8 da LODE e coas indicacións ao respecto da Consellería, non temos recollido axeitadamente o dereito a folga do alumnado de 3º e 4º de ESO. O Director dá lectura a nova regulación proposta e a continuación sométese a debate e posterior votación, aprobándose por unanimidade.

No 4º punto da orde do día o Director dá lectura á proposta de actividades para o 3º trimestre, coa advertencia de que poderán incorporarse algunha máis que os departamentos consideren de interese. Apróbase por unanimidade.

A nai Ana Costas pon de manifesto a importancia dunha charla sobre os efectos do tabaquismo, e acórdase plantexalo para a proposta de actividades do vindeiro curso.

No 5º punto da orde do día, o Director dá lectura o informe de resultados da 2ª avaliación do alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos, do que se pode destacar:

- A mellora dos resultados nos cursos de 2º de ESO e 3º ESO B.
- A mellora en 1º de Bacharelato de artes A e D, e os malos resultados en 1º Bacharelato grupo G
- A mellora dos 2º de bacharelato tanto de artes como de ciencias, así como nas modalidades de adultos, mentres que hai un mantemento, ou lixeira baixada no resto dos cursos.

No debate posterior, ponse de manifesto a importancia da labor titorial tamén en 1º de bacharelato e a comunicación coas familias, a pesar de ser unha etapa non obrigatoria. A profesora Montse Paz, comenta que nos cursos de 1º de bacharelato hai un elevado absentismo e que unha das causas é que non hai consecuencias para aqueles alumnos/as que non asisten e que distorsionan moitísimo a clase.

No 6º punto da orde do día o Director informa do seguinte:

- Situación do proceso de matrícula para o curso 2017/18.
- O premio alcanzado polo alumno de fabricación mecánica Raul Fernández na fase estatal das SKILL 2017, polo cal participará no mes de outubro na fase mundial que se celebrará en Abu Dabi.
- Os excelentes resultados acadados polos alumnos de 1º de ESO de robótica no concurso da Fundación Barrié, onde clasificáronse para a final.

En rogos e preguntas, non se formula ningunha

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por finalizado o Consello Escolar sendo ás 20:20 horas levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Vigo, 25 de Abril de 2017.

Asdo. A Secretaria
Mercedes Couto García

Vº Bº O Director
Euloxio santos Leites